



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

ACTA Nº 11/2017

FOLLA Nº 1

CONCELLO DE ORDES

PROVINCIA DE A CORUÑA

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DIA TRINTA DE XUÑO DE DOUS MIL DEZASETE.

En Ordes, a trinta de xuño de dous mil dezasete.

No Salón de Sesións da Casa Consistorial, reúnese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia de D. José Luis Martínez Sanjurjo, Alcalde-Presidente, e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- ANA M^a SONEIRA LIÑARES
- JOSÉ MANUEL MIRA GÓMEZ
- JOSÉ MANUEL RODRÍGUEZ MÉNDEZ
- SUSANA GARCÍA GÓMEZ
- MANUEL REGOS BOQUETE
- SILVIA MARÍN PEREIRO
- ROBERTO JESÚS GONZÁLEZ SANTOS
- JOSÉ RAMÓN VÁZQUEZ RAÑA
- JOSÉ LUÍS GÓMEZ CANDAL
- LUCÍA IGLESIAS MIRÁS
- PABLO VIDAL RÍOS
- GONZALO VEIRAS CARNEIRO
- PAULA CASTENDA BLANCO
- ALEJANDRO MANTEIGA GARCÍA
- BEATRIZ MARTÍNEZ CANDAL
- LUIS CAAMAÑO FRAGA

Asiste o Sr. Secretario da Corporación D. Juan Luís González Iglesias, que dá fe do acto.

Aberta a sesión e declarada pública pola Presidencia ás vinte horas, previa comprobación do quórum de asistencia preciso para que poida ser iniciada, procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

PUNTO PRIMEIRO: INFORMES DA ALCALDÍA

Polo Sr. Alcalde dáse conta das actuacións seguintes:

- Informe contestación da Deputación da Coruña que sinala que o 22 de xuño de 2017 recibíuse nesta Deputación un escrito dese Concello no que solicita información sobre a tramitación dun expediente de modificación da obra denominada “Camiño en Edra (Ardemil e outros)”, incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (POS) 2016, co código 16.20100.0125.0. En resposta a súa consulta infórmolle que segundo o previsto na Base 8 das reguladoras do POS 2016 (BOP nº 196 do 14 de outubro de 2015) se para a execución das obras xurde a



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 2

necesidade de modificar o proxecto da obra, o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado texto refundido da lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola Deputación. A aprobación polo concello do proxecto modificado realízase polo órgano de contratación municipal, e posteriormente presentarase na Deputación para a súa aprobación. O órgano competente da Deputación para a aprobación de proxectos modificados incluídos en Plan Provinciais é o Pleno sempre que a modificación supoña unha variación do orzamento do proxecto ou inclúa cambios substanciais nas súas unidades de obra. Non obstante, está delegada na Presidencia desta Deputación a aprobación de proxectos modificados sen variación económica que non inclúan modificacións substanciais das súas partidas. Polo tanto, a resposta telefónica que esta Deputación deu á chamada da concelleira dese concello foi que o concello pode aprobar a modificación do proxecto, cumprindo os requisitos establecidos na lei de contratos do sector público, polo seu órgano de contratación, achegando o proxecto modificado, a súa motivación técnica, o informe da secretaría do concello, a xustificación do financiamento municipal do incremento do seu orzamento e da audiencia ao contratista, e o acordo de aprobación polo órgano de contratación. E informouse que a Deputación, tendo en conta o que telefonicamente se indicou que o proxecto tiña variación orzamentaria, aprobaría o dito proxecto modificado con incremento mediante acordo plenario provincial.

Polo Sr. Alcalde sinálase, que unha vez que lles acabo de dar conta do que di o escrito da Deputación queda claro que lle corresponde á Xunta de Goberno Local, como órgano de contratación, e non ao Pleno, a aprobación do modificado do proxecto técnico no caso de que polo concello se tramite un expediente de modificación dun contrato dunha obra do pos 2016. Ceo que non é necesaria ningunha aclaración pola súa parte hoxe nin no sucesivo. Esta claro o que vostede dixo e o que contesta a Deputación Provincial, que é o mesmo que xa lle aclarou o Sr. Secretario. Mire, a vostede non a informaron mal, hai que saber preguntar, se non se sabe preguntar ou se pregunta mal, ou se pregunta condicionando a resposta, a resposta que lle dan é errónea. O Sr. Secretario ao día seguinte do pleno falou coa xefa de servizo de plans da Deputación Provincial, que lle dixo. Primeiro, que con ela non falou ningunha concelleira de Ordes por este asunto. Segundo, que como lle explicou o Secretario e se ratifica no escrito que lle acabo de leer, é a Xunta de Goberno Local á que lle corresponde a aprobación do modificado do proxecto técnico dunha obra do POS. Vostede desde que é concelleira non adscrita colocouse nunha posición de superioridade moral ante este alcaldía, ante este grupo de goberno, e o que me parece incluso máis alarmante ante o Sr. Secretario do concello de Ordes. En dous anos que leva en política xa pensa que sabe, que pode dar leccións, e así se esta a comportar e se comportou no pleno de 15 de xuño. Vostede no pleno da cuestión da confianza pretendeu darnos unha lección dos seus amplos coñecementos xurídicos, e así pretendeu instruírnos no que é a prevaricación administrativa, e tamén como hai que tramitar as modificacións dos contratos das obras do POS, e mentres se explicaba dicía, prevaricación, non acusa pero avisa, segundo aviso, irregularidades, incompetencia, soberbia. Se me permite a aclaración, non hai prevaricación se o Alcalde actúa de conformidade cun informe técnico. A quen pensa que eu vou a facer caso, ao que di vostede aquí nos plenos ou ao que me informa o Sr. Secretario. O teño moi claro e este equipo de goberno tamén o ten moi claro. Segunda aclaración, unha vez contratada a execución das obras do pos, a modificación do contrato réxese polas mesmas normas que o resto dos contratos administrativos. se vostede tivese lido a base oitava que regula as obras do pos 2016 vería que di que a modificación do proxecto de obra, unha vez contratado, se rexe pola lei de contratos. e como se lle dixo e lle aclarou o Secretario é na cláusula 34 dos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 3

pregos, que son os aprobados pola Deputación Provincial, onde se recollen como hai que tramitar esta modificación e a quen lle corresponde a aprobación do modificado do proxecto técnico que é ao órgano de contratación, á Xunta de Goberno Local. Pídlle no sucesivo un pouco de prudencia e moderación nas súas intervencións, no que di. Esta ben que nos corrixa se nos equivocamos, pero ten que saber do que fala. Que non teña coñecementos xurídicos pode alucinar cando vostede fala, alucinar co concello que vostede describe, que os ten e coñece o funcionamento da administración local eu creo que o que fai é sonroxarse . Xa sei que non me vai a facer caso, o seu carácter non llo permite, por iso estou seguro que vostede hoxe esta onde esta.

Os Srs. Concelleiros danse por decatados.

PUNTO SEGUNDO: DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS E DECRETOS DA ALCALDÍA.

En cumprimento do disposto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, a Presidencia da conta das resolucións e decretos de Alcaldía adoptados dende a última sesión ordinaria celebrada o día 30 de xuño de 2.017, para que os Srs. Concelleiros coñezan o desenvolvemento da administración municipal, aos efectos de control e fiscalización dos órganos municipais de goberno, previsto no art. 22.2.a da Lei 7/1985 de 2 de abril e art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

O Pleno Corporativo Municipal dáse por decatado.

PUNTO TERCEIRO: MOCIÓNS.

Concluído o exame dos asuntos incluídos na orde do día e antes de pasar á quenda de rogos e preguntas o Sr. Alcalde pregunta se algún grupo político desexa someter á consideración do Pleno por razóns de urxencia algún asunto non comprendido na orde do día que acompañaba a convocatoria nos termos establecidos no art. 34.2 do Regulamento Orgánico Municipal e que non teña cabida no punto de rogos e preguntas.

Polos concelleiros non adscritos e grupos políticos preséntanse as mocións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación

“No 2018 celebrárase a XX Festa do Lacón con Grelos de Mesón do Vento, festa que cada ano gaña público, pero que precisa dun impulso para seguir crescendo e sexa por fin un referente na nosa Comunidade Autónoma.

Segundo a Orde ditada en Madrid polo Ministro de Industria, Turismo e Comercio o 3 de maio de 2006, (ITC/1763/2006 de 3 de maio de 2006) que regula os aspectos necesarios para poder declarar unha Festa de Interese Turístico Nacional, deberá estar declarada Festa de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 4

interese Turístico Rexional por parte da Comunidade Autónoma no momento da solicitude e habelo estado, polo menos durante os 5 anos inmediatamente anteriores.

Trátase dun reto ambicioso que beneficiaría considerablemente esta festa, e sería un recoñecemento do esforzo realizado por todos durante tantos anos.

Segundo do Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, polo que se regula a declaración de festas de interese turístico de Galicia, nas súas disposicións xerais, di que a Lei 7/2011, de 27 de outubro, valora positivamente as manifestacións de exaltación de tradicións, cultura, gastronomía, etnografía e calquera elemento que contribúa a mellorar a oferta lúdico-promocional de turismo de Galicia.

Este novo decreto recolle o espírito da norma anterior, vinculando as festas de interese turístico ás manifestacións populares de carácter cultural como instrumento de promoción turística; e mellora a calidade das mesmas mediante unha regulación máis esixente, incrementando a antigüidade mínima para acreditar o arraigo da festa e incorporando novos requisitos e criterios de valoración coa finalidade de conceder ás declaracións un recoñecemento e un prestixio que se corresponda coa importancia da distinción de festa de interese turístico máis acorde cos tempos actuais.

O Decreto recolle os seguintes requisitos:

a) Antigüidade: deberán ter no momento da solicitude unha antigüidade mínima de vinte anos, as celebracións serán periódicas e con datas facilmente determinables. A antigüidade mínima poderá ser dispensada cando unha valoración conxunta dos requisitos e criterios recollidos na presente regulación así o aconselle, pero en ningún caso poderá ter unha antigüidade menor de 15 anos.

b) Singularidade: as festas de que se trate deberán contar aspectos orixinais e de calidade que as singularicen respecto a outras similares que poidan ter lugar en outras localidades. Valorarase especialmente que sexa un reflexo da idiosincrasia da zona e poboación local e que, desde o respecto á tradición e costumes que a fan única, presente innovacións nas edicións sucesivas que contribúan a enxalzar máis o evento.

c) Arraigo: elementos esenciais da declaración serán o arraigo popular no ámbito territorial correspondente e o carácter participativo da poboación local, excluíndose aquelas festas orixinadas por simples intereses particulares ou comerciais.

d) A realización por entidades organizadoras de accións promocionais suficientes para a atracción de correntes turísticas. Entenderanse por accións promocionais suficientes aquelas accións que permitan dar a coñecer ó maior número de persoas posibles a celebración do evento, xa sexa mediante a divulgación do mesmo en medios audiovisuais de carácter xeneralista, como a participación en feiras, eventos turísticos, e actos similares. En calquera caso, estas accións serán como mínimo 10 nas 5 últimas edicións.

e) Valor Cultural: as celebracións dos eventos de que se trate xirarán, en todo caso, arredor das manifestacións de interese e carácter cultural como son entre outras as artísticas, relixiosas, deportivas ou gastronómicas.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 5

f) Continuidade no tempo. Entre a celebración dunha festa e outra non poderán transcorrer máis de catro anos, a non ser que sexa unha festa con unha cadencia fixa que supere este prazo. En calquera caso, na solicitude deberá constar a periodicidade da celebración.

Os Criterios de valoración do Decreto son os seguintes:

- a) A facilidade de acceso (accesibilidade), integración e participación do conxunto da poboación.
- b) A estética (posta en escena da celebración, ambientación, recreación, instalación e infraestrutura donde se celebre e a imaxe uniforme dos equipamentos do evento tales como toldos e elementos decorativos).
- c) Aquelas manifestacións ou acontecementos que fagan revivir costumes e tradicións populares.
- d) O adecuado coidado dos entornos urbanos, monumentais ou paisaxísticos donde se desenrole, segundo a súa natureza.
- e) A Calidade dos actos que configuren a celebración.
- f) A creatividade e innovación na celebración do evento.
- g) O nivel de dotación de infraestruturas e equipamentos para a celebración da festa e recepción de visitantes.
- h) A Influencia de visitantes.
- i) A coordinación das entidades públicas e privadas involucradas na celebración da festa.

Entres os efectos da declaración da festa de interese turístico de Galicia están os seguintes:

- a) Para recibir axudas e subvencións que para este fin puidese convocar a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- b) Para ser incluídas nas accións de promoción que puidese realizar a Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia.
- c) Para planificar inversións materiais que melloren e beneficien o evento.

A solicitude debe ir acompañada de:

- a) unha memoria explicativa na que se xustificarán os requisitos esixidos ademais dos criterios que se terán en conta para a valoración da festa.
- b) Fotografías, carteis, programas, folletos, libros, referencias bibliográficas, material audiovisual, e en xeral canta información gráfica se considere oportuna para apoiar a petición.
- c) Acordo plenario do concello no que se celebre a festa ou do órgano municipal que teña asignada esta atribución donde conste expresamente a solicitude de declaración. Si a solicitude a fai unha entidade pública ou privada deberá aportarse o acordo de solicitude adoptado polo órgano competente. En este caso, acompañará á solicitude un informe, preceptivo pero non vinculante, do órgano competente do concello, manifestando explicitamente a súa valoración e argumentando os motivos da mesma.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- Instar ao Concello de Ordes a solicitar ao Consello da Xunta de Galicia, que segundo proposta da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia e as demais funcións relacionadas coa instrución do procedemento serán exercidas pola axencia a través da Dirección de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 6

Competitividade, a declaración de festa de interese turístico de Galicia a "festa do lacón con grelos de mesón do vento".

2.- Instar ao Concello de Ordes a elaborar a memoria explicativa segundo esixe o decreto Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, ademais de toda a documentación necesaria para a solicitude.

3.- Instar ao Concello de Ordes a convocar a comisión pertinente donde todos os grupos políticos poidamos colaborar con ideas para incorporar na memoria explicativa, ademais de dar propostas para a mellora da festa, e na que estea presente o técnico redactor da memoria explicativa para poder seguir de cerca o traballo realizado polo técnico".

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que están de acordo con todas as accións que axuden a impulsar o turismo no concello de Ordes. Particularmente na parroquia de Ardemil a segunda máis grande en poboación de todo o concello. Cree que esta festa pode ser un bo escaparate para os produtores locais, que lles pode axudar a crecer e darse a coñecer, revitalizando así a economía da zona.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que todo o que sexa apoiar turisticamente o noso concello e apoiar as festividades que teñan lugar nel van a estar a favor. O que non saben e se a festa cumpriría todos os requisitos que esixe a normativa. Por intentalo que non quede. Solicitalo á Xunta non custa nada, haberá que facer ese traballo, esa memoria explicativa. É unha festa, ao contrario de outras que celebramos no noso concello, que promociona un produto como é o grelo, que é dos máis característicos e típicos deste concello xunto con queique. Hai que intentalo.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que antes de iniciar a súa intervención, o Alcalde ten que permitirlle en relación co que dixo no punto segundo, informes da Alcaldía, facer unha serie de matizacións. Cree que está fora de lugar o que vostede fai continuamente.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na punto de informes da Alcaldía esta no seu dereito de informar o que considere, e basicamente cando nun pleno se me acusa de determinadas cuestións e no que non tiña a documentación para facer a defensa ao respecto. Pídelle que se cinga ao punto da moción.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que vai a facer unha pequena matización. Cando non se di o que vostede considera correcto, sempre nos intenta corrixir, que se o noso carácter non é o adecuado. Parécelle fora de lugar, que se merma a nosa capacidade, os nosos dereitos



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 7

como concelleiros. Contra unha compañeira desta corporación, neste caso, pero é algo que vimos vendo día tras día.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que aquí se están lanzar acusacións moi graves, fanse advertencias moi graves, incluso se está a discutir o que o Secretario está informando do que di a lei. Eu nese momento estou calado, non teño a información e agora dise que non teño dereito a trasladar esta aos veciños. É o que me faltaba por escoitar de vostede.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, que sinala que ela non di iso, di que os corrixe. Con respecto ao Secretario, este o un de marzo emitiu un informe dicindo que o que levavamos ao pleno era de dereito e vostede non lle fixo caso. Faille caso aos técnicos cando lle interesa. Están de acordo co contido da moción. Todo o que sexa fomentar o turismo, que as nosas festas sexan de interese turístico. Se reunimos os requisitos debemos de intentalo, por que a promoción e exaltación dun produto como o lacón con grelos. Para a promoción económica do noso concello sería algo esencial.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que están de acordo. Vostede era coñecedora que se traballou nisto no seu momento. A raíz da súa moción fíxose unha consulta por escrito coa xefa de servizo da área de fomento e desenvolvemento empresarial. Dúas cuestións, non vamos a conseguir a dispensa do requisito, por tanto temos que esperar a abril de 2018 para iniciar o expediente. Por iso, o primeiro que lle vai a pedir para que conte con seu apoio é que se agarde á data na que se cumpren os vinte anos para ter unha opción. Mentres tanto podemos ir traballando. O que lle pide, máis que instar á comisión, e que os grupos políticos de aquí a final de ano, hai tempo suficiente ata abril do ano que ven, presenten as propostas que consideren oportunas, despois faremos unha reunión coa técnica de cultura, na que se expliquen esas propostas para que de cara a 2018 se poida ir redactando esa memoria. Isto é algo interesante e necesario para o noso concello.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que esperar a decembro parécelle excesivo. A festa empézase a preparar en xaneiro, é o primeiro fin de semana de marzo.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se retira o terceiro punto do acordo e nos damos prazo ata o 31 de outubro, para presentar propostas e no mes de novembro facemos unha reunión coa técnico de cultura para iniciar o expediente, presentándose a solicitude ante a Consellería de Cultura no mes de abril de 2018, para que se declare a festa como de interese turístico.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 8

1.- Instar ao Concello de Ordes a solicitar ao Consello da Xunta de Galicia, que segundo proposta da Dirección da Axencia de Turismo de Galicia e as demais funcións relacionadas coa instrución do procedemento serán exercidas pola axencia a través da Dirección de Competitividade, a declaración de festa de interese turístico de Galicia a "festa do lacón con grelos de mesón do vento".

2.- Instar ao Concello de Ordes a elaborar a memoria explicativa segundo esixe o decreto Decreto 4/2015, de 8 de xaneiro, ademáis de toda a documentación necesaria para a solicitude.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“Na actualidade na beirarrúa existente que vai dende o cruce do Orellán de Abaixo ata o casco urbano de Mesón do Vento, que marco no plano que adxunto, están instaladas as farolas de iluminación que ocupan gran parte da beirarrúa, creando deste xeito nula accesibilidade na citada beirarrúa.

Un veciño que supón que todos coñecemos, que se despraza en cadeira de rodas, e que a veces pasea ata Mesón e viceversa, fai anacos do recorrido por fora da beirarrúa, incluso invadindo o carril dos coches para poder facer o seu paseo, xa que as farolas, e algunhas sinais á altura da ponte existente fan imposible que a súa cadeira poida pasar pola beirarrúa.

Creemos necesaria unha actuación inmediata para solucionar esta situación para que este veciño poida empezar a desfrutar da beirarrúa por fin.

Claro que pode haber moitos xeitos de facelo, pódese anchar a beirarrúa, pódense eliminar os elementos verticais (farolas e sinais), pódense tamén adaptar as ramplas de baixada e subida das beirarrúas, ...etc.

Pero coidamos que polo menos a opción de quitar as farolas existentes, e colocar iluminación só nos postes existentes podería ser algo económico e que alivie de xeito inmediato a situación deste veciño. Ademais solicitaríase á Deputación da Coruña o cambio dos sinais para un lugar no que non entorpezan o itinerario da cadeira de rodas.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:

1.- O Concello de Ordes retirará de xeito inmediato as farolas existentes para colocar luminarias só nos postes existentes.

2.- O Concello de Ordes instará á Deputación da Coruña para que esta inclúa dentro do seu plan de mantemento e conservación de estradas o recuado das sinais que agora mesmo están situadas na beirarrúa existente. De ser rexeitado pola Deputación, o Concello de Ordes solicitará entón permiso para poder recualas con cargo ao Concello de Ordes”.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 9

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que a beirarrúa da que se fala hai zonas nas que é demasiado estreita, imposibilitando o paso incluso de carriños de bebés, cadeiras de roda. Están de acordo en intentar resolver o problema da mellor maneira posible contactando coa Deputación. Parécelle unha boa idea dar servizo a este veciño co esta problemática.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que ao recibir esta moción se desprazaron á zona e fixeron unha serie de comprobacións. Fixeron medicións, son beirarrúas estreitas, non cumpren o establecido no anterior Decreto de accesibilidade. Teñen 1,45 m de ancho contando xa o propio bordillo, deberían ter 1,80, o paso entre a farola e o límite da beirarrúa é de 1,00 m cando debería ser de 1,50 m. non cumpren. No seu momento non se fixo a vixianza oportuna. No casco urbano son máis anchas. A zona máis conflitiva e xusto na ponte. Igual non é preciso quitar as farolas. Habería que preguntar a Fenosa se permitiría a súa instalación nos postes. O máis rápido, sinxelo, sería na zona onde a ponte se mete a beirarrúa cara a zona de estacionamento, igual cun alongamento de 3,00 m, cambiar unha única farola. Con esa simple actuación se solucionaríase esta problemática na ponte. A maiores habería que negociar cos propietarios das parcelas que limitan con estas beirarrúas que cedesen medio metro máis, despois falar coa Deputación para que ancheasen esas beirarrúas para cumprir coa accesibilidade. Lanza esta proposta máis sinxela e economicamente máis viable. Pensan que é máis lóxica.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que son coñecedores da zona. Entende que a compañeira que vive nesa zona é a mellor coñecedora da situación. Teríamos que estudar cal é a opción máis económica. Non sabe se a opción do BNG é factible. Sería cousa de ver.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que isto non é unha moción, é un rogo. Estanse a saltar o ámbito das competencias municipais. Estase a interpretar erroneamente cales son as competencias da Alcaldía e cales son as competencias do pleno. Por que vostedes sexan doce na oposición e nos cinco no goberno non nos poden obrigar a adoptar isto cando é una competencia de xestión do goberno. Esta moi ben que traian estas cousas como moción ou rogo. O que non se pode pretender é intentar aprobar mocións e despois dicir que é obrigatorio facelo. As competencias están aí e por todos deberían ser coñecidas e respectadas. O que dixo o BNG é a realidade. Fai unhas semanas da petición deste rapaz o Sr. Mira Gómez desprazouse ao lugar é so lle marcan como conflitivo o estreitamento ao que vostede fixo referencia. En todo o demais non cumpre a normativa hai que analizar. Esa solución xa esta feita, a solución que amosa o Sr. Vidal Ríos é a que preparou a técnico municipal e esta remitida á Deputación Provincial para que nos autoricen. So hai un punto conflitivo. Gustaríanos ampliar a beirarrúa e que cumprise a normativa. Non imos retirar as farolas por que é antieconómico. O acordo que propón, temos que ser consecuentes e non é lóxico. Cando se traslada a problemática nun so punto, tratemos de



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 10

resolver a problemática aí. Trasladaremos á Deputación que faga todas esas melloras na sinalización no plan de conservación de estradas. Están de acordo coa mellora da accesibilidade da beirarrúa. Xa se está a traballar, tratarase de resolver canto antes. A moción trata de saltarse competencias da Alcaldía, as queren levar vostedes a unha decisión do pleno, non van a votar a favor. As farolas non se van a retirar por seguridade. O informe de Tráfico a maiores de facer o trozo de senda pendente, pedía mellorar a sinalización en toda a vía. Se sacamos as farolas e as levamos aos postes perdemos o 70 ou 80% desa iluminación, nunha vía con bastante tránsito. Non sería lóxico. Tomen o acordo que queiran. Pode retirala e deixala como un rogo, a parte que se lle acaba de dicir vaise a cumprir.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que é partidaria de incluír a proposta que fai o BNG. É certo que o punto máis conflictivo é alí na zona da ponte, trátase de buscar unha solución. Prefire deixalo redactado como pide o BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que pregunta cal é o texto. Non sabe a que se refire. Van a votar en contra.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que un punto sería prolongar a beirarrúa na zona da ponte invadindo a zona de estacionamento, recortando esa zona de estacionamento. Cambiar un punto de luz, unha farola na zona da ponte, incluso cambiar unha sinal. O segundo sería negociar cos veciños da zona para que cedesen medio metro máis, unha vez obtidas as cesións deses terreos, negociar coa Deputación Provincial para anhearse as beirarrúas medio metro máis nesa zona.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que está de acordo.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que xa levamos varios anos aquí nesta corporación. O que se dixo era que tiñamos que evitar traer mocións de tipo xenérico por que non afectaban aos nosos veciños. Todos estes anos todos vostedes levan traendo mocións referidas a pontes, ampliación de camiños, ...etc. E sempre se trouxeron para intentar favorecer aos veciños. Agora se nos di que da igual o que traíamos, por que non é competencia. Nos non temos culpa de que vostedes sexan cinco e nos doce. Os concelleiros que formamos a corporación debemos traer mocións de tipo xenérico e si mocións que afecten aos nosos veciños. Se non a quere acatar non pasa nada, non a vote. Agora non se pode traer nada, non se pode comentar nada que non lle vaia polo seu xeito. Están de acordo coa moción da Sra. Martínez Candal e coa apreciación que fixo o BNG.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vostede esta a dicir cousas totalmente distintas do que el dixo. Poden traer as mocións que queiran, o feito de que se aprobe a moción non lles pode obrigar a que sexa de obrigado cumprimento por que excede as competencias. Servía perfectamente que fose un rogo. Se a queren debater a debaten, que diga que hai que retirar as farolas, non están de acordo en que haxa que retiralas. Primeiro por que hai un informe da DXT que di que hai que manter a luminosidade nesa vía. Teñen que votar en contra se ven que os acordos se extralimitan nas competencias do pleno.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 11

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que non lle ten por que xustificar o seu voto. Votará en conciencia a favor ou en contra. Non se trata de que vostede estea de acordo coas mocións dos demais grupos. Para iso hai unha votación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a moción non é de obrigado cumprimento. Poden votar o que queiran.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cos votos en contra (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

- Prolongar a beirarrúa na zona da ponte invadindo a zona de estacionamento, recortando esa zona de estacionamento, cambiando a sinal existenet.
- Negociar cos veciños da zona para que cedan medio metro máis de terreo. Unha vez obtidas as cesións deses terreos, negociar coa Deputación Provincial para anchar as beirarrúas medio metro máis nesa zona.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que antes de que interveña o Sr. Manteiga García que recorda que o rueiro foi algo que sempre se acordou por unanimidade a raíz de determinadas propostas. Ve moi ben que hoxe traia aquí a moción, faga a súa exposición de motivos. O que lle propón, como xa fixeron no pasado é que quede sobre a mesa ata que aparezan rúas e se poida adoptar unha denominación, estas ou outras. Ve moi ben a moción, votaranlle a urxencia. Pero deixar aprobada unha denominación sen un acordo unánime non lles gustaría que fose a maneira máis axeitada. Se quere plantexala como posición de futuro.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto PSdeG-PSOE, que formula a moción que se transcribe a continuación, aínda que a deixara sobre a mesa:

“Contribuír ó descubrimento da historia de calquera pobo así como ó recoñecemento das súas figuras máis relevantes é moi importante xa que un pobo é tanto máis rico canto máis rica sexa a súa historia.

Dende a Agrupación Socialista de Ordes sempre estivemos preocupados pola recuperación de personalidades que sendo nadas en Ordes deixaron unha pegada na historia, como foi o caso de Isabel Zendal.

Neste caso, queremos recordar a Gerardo Abad Conde, que naceu en Ordes, o 8 de agosto de 1881. Foi avogado e político sendo ministro de Marina durante a II República Española. Foi asesinado en Madrid o 10 de setembro de 1936.

Licenciouse en Dereito, desempeñando ademáis a Cátedra de Legislación Mercantil e Legislación Marítima na Escola de Comercio da Coruña e na de Vigo. Ademais foi director da Escola de Náutica Coruñesa.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 12

É autor da obra “Institutos Náuticos Oficiais. Situación del personal docente”, publicada no ano 1920. Durante varias legislaturas foi Concelleiro na Coruña, sendo Alcalde entre o ano 1918 e 1919.

En 1930 prodúcese un logro moi importante na súa carreira política ó participar no Pacto de Lestrove. Este pacto tivo lugar no pazo de Hermida, situado no lugar de Lestrove, municipio de Dodro, o 26 de marzo de 1930 entre políticos galeguistas e republicanos galegos, co obxectivo da proclamación dun réxime republicano e a consecución dun Estatuto de Autonomía para Galicia. Coa chegada da Segunda República foi nomeado subsecretario do Ministerio de Comunicacions.

En xullo de 1933 é elidido vocal do Tribunal de Garantías Constitucionais e, a finais dese ano é nomeado presidente do Consello de Estado. A principios de 1935, nun dos gobernos Lerroux, é nomeado Ministro de Marina. Durante a súa xestión ó fronte da mencionada carteira –dende o 23 de Janeiro ó 3 de abril de 1935- elaborouse un plan de modernización naval, publicado no Diario Oficial o 6 de abril de dito ano.

En agosto de 1935, logo de abandonar o Ministerio, Abad Conde foi nomeado catedrático de Filosofía do Dereito da Universidade da Laguna.

Polo que, en condición de Voceiro Municipal do PSdG-PSOE no Concello de Ordes somete á consideración do Pleno esta moción, para que este adopte o seguinte acordo de resolución:

Instar ó Concello de Ordes a que no momento en que haxa que dar nome a unha rúa se teña en conta esta proposta e se lle adique a esta personalidade nacida en Ordes, Gerardo Abad Conde”.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación:

“A Confederación Intersindical Galega (CIG) ven de rexistrar en Ordes, e no resto de concellos da comarca, unha iniciativa que recolle unha serie de propostas encamiñadas á reactivación económica da comarca de Ordes e á creación de emprego (xúntase copia)

Tal e como se relata na exposición de motivos, dous dos motores económicos tradicionais da comarca de Ordes, como son o agrogandeiro e o téxtil, levan anos en crise o que conlevou a unha perda notable de actividade económica e á destrución de emprego.

A modo de ilustración: o sector téxtil empregaba 857 mulleres no 2008 e 9 anos despois, tan so 205 traballan no sector téxtil da comarca de Ordes.

É unha mostra máis de que a comarca de Ordes precisa de un revulsivo que free esta destrución de postos de traballo e de perda de actividade económica.

É polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 13

1.- Manifestar o apoio da Corporación municipal ao conxunto de propostas de actuación para a creación de emprego e reactivación económica da comarca de Ordes enunciadas na iniciativa da CIG.

2.- Dar traslado á Xunta de Galicia do acordo por esta Corporación Municipal, instándoa a poñer en marcha os proxectos de lei correspondentes que fagan efectivas as medidas que se propoñen”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que os sindicatos en España están recoñecidos dende a Constitución de 1978 na que se di que o sindicato é a organización que defende os intereses dos traballadores. Segundo a RAE é a asociación de traballadores constituída para a defensa e promoción de intereses profesionais, económicos ou sociais. É unha organización que loita polos intereses dos traballadores. Non está de máis debater posibles cambios de reformas laborais, ou implantación de novas medidas para o fomento do emprego. Sobra dicir que a situación de desemprego de Ordes é inadmisíbel. Todos debemos utilizar as ferramentas posibles para que isto mude.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que sempre apoiaron ao sector téxtil e agrogandeiro da comarca de Ordes. No ano 2012 solicitaron un plan estratéxico para o téxtil de Ordes. No ano 2014 presentaron unha proposición de non lei para unha liña de apoio para a modernización dos talleres. No ano 2014 presentando unha batería de medidas para a supervivencia das explotacións do leite no municipio. Todas as propostas para estes sectores que teñen moito peso na comarca van a ter o seu apoio.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que comparten a aprobación dunha batería de medidas para combater o desemprego na nosa comarca, que presenta unha tendencia preocupante cunha perda de poboación constante. Creen necesario apoiar esta proposta como mostra da preocupación desta corporación ante unha situación socioeconómica de crise por moito que intenten vendernos día a día o contrario. Lamentan que moitas destas medidas que requirirían un apoio expreso da xestión municipal poden caer en saco roto ao depender da actuación dun goberno municipal de Ordes que non se ten en absoluto caracterizado pola defensa dos sectores que peor o están pasando coa crise económica. Apoiamos esta moción, aínda que somos conscientes que sen un cambio legislativo, derogación da reforma laboral, moitas destas medidas non se van a poder desenvolver.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que en relación coa problemática de empresas, dende a Alcaldía foise sempre moi sensible, como dende a propia corporación. Aprobouse unha moción sobre o plan estratéxico. Acompañouse ás mulleres afectadas ante distintas administracións públicas, púxose a súa disposición os medios



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 14

necesarios para a loita polos seus dereitos. O goberno galego amosou a súa sensibilidade cos traballadores afectados polos EREs, puxo a súa disposición a defensa dos seus intereses, así como na busca de posibilidades de desenvolvemento futuro na comarca. Os cursos e charlas da Oficina de fomento do cooperativismo da Mancomunidade estarán orientadas este ano a estes sectores. Dicar que a este goberno non lle interesa a problemática que hai en Ordes, fomentar o emprego, parécelle demasiado atrevido.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén o Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que todas estas persoas poderían estar traballando se se freara dende os gobernos o fenómeno da deslocalización, se non se fixesen estas reformas laborais, que é no único que se amparan os empresarios para destruír empregos. Isto é o que hai que cambiar. Unha lei se pode modificar, depende se se quere ou non. O goberno da Xunta é o mesmo que goberna en Madrid, de vostedes depende. Se se modifica a reforma laboral poden levarse a cabo estas iniciativas. Se queren poden.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que esta claro que debater no Parlamento Galego estas medidas forma parte da democracia. Van a votar a favor.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que as propostas da Ciga poden contribuír a mellorar o sector téxtil e agrogandeiro da comarca. Van a ter o seu apoio, van a ver se se poden levar a bo porto o maior número de propostas posibles.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que as grandes afectadas nestes casos son as mulleres. Diríalle ao goberno do PP que menos sensibilidade e que se poña mans á obra. As leis modifícanse, a reforma laboral é o quiz da cuestión. A partir de aí cando os traballadores poidan conseguir máis dereitos, poderase volver a empezar. Menos sensibilidade e máis actuación por que é o que se necesita agora mesmo.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que hai que fomentar o emprego, que hai que buscar dende o goberno alternativas para atraer emprego a Ordes. Se non hai emprego todos os sectores se ven afectados. Presentan aquí unha serie de medidas escudándose non sector téxtil e no sector agrogandeiro. No documento estes sectores se lles dedica apenas un folio. Despois fálase do sector do comercio, turismo, madeira e forestal, economía social, defensa do dereito a un traballo de calidade. O documento que presentan, proposta pola Ciga, non é máis que un programa de goberno no que respecta ao modelo económico e laboral de Galicia. Houbo unhas eleccións o pasado setembro, o pasado xuño. Os cidadáns optaron non por un intervencionismo económico, optaron polo liberalismo. Isto é a democracia. Xa existe un plan estratéxico de Galicia 2015-2020 e diversos plans sectoriais. Axenda de competitividade Galicia Industria 4.0, Plan de fixación da poboación no rural, Plan de impulso ao comercio galego. Axenda 20 para o emprego. Pouco a pouco están a dar o seu froito no crecemento económico e creación de emprego. Que en Ordes neste momento hai un problema, si. O que ten que procurar o goberno local e que os veciños teñan onde traballar. Atracción de empresas. Non podemos tratar de mudar o sistema económico e laboral dunha nación. A Xunta de Galicia esta dando respostas ás necesidades que se recollen nos documentos que mencionar, con respecto á legalidade e da competencia das institucións. A lei que pretende



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 15

mudar é competencia do Estado, non do Parlamento de Galicia. Hai interlocutores sociais que está a falar en relación cos proxectos lexislativos. A Xunta de Galicia é consciente de que hai que traballar, non se conforma. Todos os indicadores demostran que estamos a mellorar, hai que seguir traballando para que isto sexa unha realidade. O obxectivo dos gobernos do PP é crear emprego estable e de calidade. Non van a apoiar unha medida que pida a derogación da lei, non son competentes.

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que está claro que non lles interesa a moción.

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que sinala que cando se trouxeron mocións para apoiar ao téxtil, non politicemos. Van a apoiar o téxtil ou calquera outra actividade, o comercio, pemes, autónomos, cooperativismo, ou calquera outro tipo. Pero non lle fale de votar practicamente un programa electoral no ámbito laboral. Fállelle de buscarlle traballo aos veciños. É sorpréndelle que pola bancada de UxO consideraba que había algunha persoa que ideolóxicamente era liberal

Intervén a Sra. Castenda Blanco, en representación do grupo político BNG, que sinala que a moción está presentada pola Ciga, que o BNG subscribe totalmente. Dixo que en Ordes temos un problema moi grande, igual a culpa algo tamén é de vostedes.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hai determinados puntos que si se fala da problemática local van a ter o seu apoio sempre. Esta batería de medidas que traen pretenden cambiar o sistema económico, o traen vostedes, o que traslada un sindicato afín a vostedes. Está moi ben defender aos traballadores. Os veciños teñen que estar por riba de todos. Esta batería de medidas non poden contar co noso apoio. Se trae unha moción sobre o sector téxtil co contido que queira ou o sector primario, parte agraria e forestal, van a onde queiran e co que vostedes postulen. Xa sei que é moi bonito dicir que o PP vota en contra disto, pero pediríalle aos veciños que lean o que di aquí. Nos estamos concienciados coa problemática de aquí e oxalá se poida resolver entre todos. Non desta maneira, nin con este contido.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a favor (5 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cos votos en contra (5 grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- Manifestar o apoio da Corporación municipal ao conxunto de propostas de actuación para a creación de emprego e reactivación económica da comarca de Ordes enunciadas na iniciativa da CIG.

2.- Dar traslado á Xunta de Galicia do acordo por esta Corporación Municipal, instándoa a poñer en marcha os proxectos de lei correspondentes que fagan efectivas as medidas que se propoñen”.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula a moción que se transcribe a continuación



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 16

“Desde finais do mes pasado e durante todo o mes de xuño, están a chegar cartas procedentes da “xerencia rexional do catastro de Galicia” en relación a un procedemento de regularización catastral.

No último pleno, informouse de que se agardaban arredor de 2.000 expedientes no concello de Ordes, que a razón de 60 euros / expediente, supón unha recadación por parte do Ministerio de Facenda de arredor de 120.000 euros tan so no concello de Ordes.

A maiores e con posterioridade a esta regularización, vanse aplicar con carácter retroactivo e ata unha antigüidade máxima (por lei) de 4 anos, a diferenza correspondente nos recibos do IBI do pagado con respecto aos que correspondería co novo valor catastral que sexa de aplicación.

En definitiva, estamos asistindo a un novo catastrazo en toda regra, como o que xa se viviu nesta vila no ano 2013.

O que é especialmente grave, é como se leva a cabo dito procedemento, a través dunha carta onde figuran unha serie de coeficientes que a practica totalidade da veciñanza non entende nin sabe o que lle están a aplicar.

Para máis inri, concédese unicamente un prazo de quince días hábiles para formular as alegacións e se aporten as probas que se estimen oportunas; todo isto sen dispor da presenza de persoal técnico na vila de Ordes, que cando menos explique a veciñanza o que se lle está a aplicar en cada caso, para que unha vez comprendido o aplicado se formule a alegación oportuna se é o caso.

Este descoñecemento da veciñanza non é ningunha demagogia, pódese comprobar cada mañá na planta baixa do concello de Ordes como existen constantes colas no rexistro buscando información polas cartas recibidas do catastro.

Cabe tamén destacar que existen numerosos erros nas propostas de resolución con acordo de alteración que se envían á veciñanza onde en ocasións se asignan parcelas e construcións que non son da súa propiedade, usos incorrectos, coeficientes de antigüidade mal aplicados, alusións a reformas inexistentes ou que non supoñen tal alteración, danse de alta edificacións aínda en construción.

Por último, lamentamos a nula previsión e preparación do goberno municipal ante esta situación, coñecendo que se ia levar a cabo un procedemento de regularización catastral no concello de Ordes debido a que saíu publicado no BOE nº 45 do 22 de febreiro de 2016 e a que desde o catastro foi solicitada información ao Concello de Ordes sobre os expedientes urbanísticos dos últimos anos. O que se debiera ter feito por parte do goberno municipal é proceder á contratación de persoal técnico que atendese durante este período á veciñanza de Ordes, solucionando as dúbidas que puidese ter ao respecto para poder realizar as alegacións que se estimasen oportunas e que o proceso concluíse con que a xente pagase polo que realmente lle corresponda, nin mais nin menos.

E polo que propoñemos ao Pleno da Corporación Municipal a adopción do seguinte acordo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 17

1.- O Concello de Ordes dirixirase á Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, solicitando unha prorroga no prazo de formulación de alegacións por parte da veciñanza, de cara a levar a cabo un previo asesoramento da mesma.

2.- O pleno do Concello de Ordes insta ao alcalde a que leve a cabo as xestións precisas para prolongar unha semana máis a presenza de persoal técnico que esta a asesorar á veciñanza con respecto ao procedemento de regularización catastral, de cara a entender os coeficientes que se están a aplicar e poder formular as alegacións que se estimen oportunas”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que están totalmente de acordo e van a apoiar esta moción.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que o tema do catastro afecta a moitos veciños do concello. 3200 veciños xa recibiron a notificación de regularización, a razón de 60 € por inmovible supón máis de 190.000 €. En xaneiro de 2015 xa advertiron que se ían a cobrar estes cartos para a autofinanciación das regularizacións. Dende o PP se dixo que estaba en estudo, que non se aprobaría, que era o informe. Vaia se se aprobou. Xa o denunciaron e quedou en auga de borrallas. Agora cando se fixo efectivo, agora veñen as queixas.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que resulta curioso unha vez máis que cando o BNG presenta a moción e nese segundo punto onde se insta a que se leve a cabo a xestión para a contratación de persoal técnico, o luns aparece ese persoal técnico. Unha vez máis unha iniciativa da oposición ven a traballar ao goberno deste concello. Teñen unha emenda que sería que o pleno da corporación municipal manifesta a súa rotunda oposición a este procedemento de regularización catastral tanto na súa forma, como no seu fondo. Agora se trata de pagar 60 €, supoñemos que para pagarlle a esta empresa, contratada polo Catastro que depende do PP. Despois virá o cargo correspondente a esa regularización. Houbo moita falta de información. Están de acordo cos puntos da moción.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que acepta a emenda.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que cando informou dos expedientes xa dixo que se había contactado co Xerente do Catastro para traer unha empresa, podo demostrar que as ofertas as pediu o Interventor o día 1 de xuño, non puideron chegar antes por que estaban noutros concellos. O Xerente tamén indicou que non empezasen a traballar antes da chegada das notificacións, para que non pasase o que vostede pide agora, unha semana máis. Agora estes técnicos a semana que ven non poden estar aquí. Xa llo adianta. Non sabe se haberá xente a semana que ven. Dixeron que polo feito de que a alegación estea fora de prazo se ten razón non



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 18

se vai a deixar de admitir. Isto con cautela. Resulta curioso que se advirta iso nun escrito de 2015, cando o Real Decreto de 2013 de regularización que iniciaba este proceso xa incluía a taxa, que advertencia queren facer no 2015. Podemos estar de acordo se é xusta ou non a taxa. O problema to traballo de campo é preocupante. A ponencia de valores do 2012 que se fixo no seu momento non estaba ben, agora estamos a sufrir un proceso de regularización catastral, ao que estamos obrigados, aínda que nos trasladaron a solicitude de incorporación á que contestamos. Nunca pensou que chegarían tres mil expedientes. Pregunta se esta medida que propoñen aquí tamén a propoñen en Carballo ou Rianxo onde gobernan e tamén están neste proceso. Propón dúas emendas, dirixirse ao goberno central para que se aprobe unha exención da taxa no proceso de regularización catastral 2013-2016 e que se proceda á devolución das cantidades xa ingresadas. A segunda á Xerencia Rexional do Catastro en Galicia a petición de que se proceda de xeito inmediato a cargar as cartografías oficiais dos acordos dos procesos de concentración parcelaria de Beán-Pereira II, Mercurín-Lesta II e Parada II, dadas as múltiples problemáticas na asignación de parcelas e construcións a titulares que non son das fincas de reemprazo. É moi importante, por que a día de hoxe ao non estar cargadas estas cartografías destas parroquias lle estean chegando notificacións a veciños que non son titulares deses inmobles. Pídolle que inclúa estas emendas. A semana que ven veremos se a xente segue preguntando e se poden volver máis días, non ten por que ser a semana que ven.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que son emendas que considera lóxicas, ao igual que a de UxO. Aceptan as tres. O día que veña a empresa depende de cando lle vai a caducar o prazo. En aras do consenso que se valore contratar persoal técnico para asesorar á veciñanza con respecto ao procedemento de regularización catastral.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de dezaseis votos a favor (6 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal dos seus membros, adoptou o seguinte acordo:

1.- O Concello de Ordes dirixirase á Xerencia Rexional do Catastro de Galicia, solicitando unha prorroga no prazo de formulación de alegacións por parte da veciñanza, de cara a levar a cabo un previo asesoramento da mesma.

2.- O pleno do Concello de Ordes insta ao alcalde a que leve a cabo as xestións precisas para prolongar a presenza de persoal técnico que esta a asesorar á veciñanza con respecto ao procedemento de regularización catastral, de cara a entender os coeficientes que se están a aplicar e poder formular as alegacións que se estimen oportunas.

3.- O pleno da corporación municipal manifesta a súa rotunda oposición a este procedemento de regularización catastral tanto na súa forma, como no seu fondo.

4.- Dirixirse ao goberno central para que se aprobe unha exención da taxa no proceso de regularización catastral 2013-2016 e que se proceda á devolución das cantidades xa ingresadas

5.- Dirixirse á Xerencia Rexional do Catastro en Galicia para que proceda de xeito inmediato a cargar as cartografías oficiais dos acordos dos procesos de concentración parcelaria de Beán-Pereira II, Mercurín-Lesta II e Parada II, dadas as múltiples problemáticas na asignación de parcelas e construcións a titulares que non son das fincas de reemprazo.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 19

Intervén a Sra. García Gómez, en representación do goberno municipal, que presenta a moción que se transcribe a continuación:

“ANTECEDENTES

Primeiro. As áreas metropolitanas son entidades locais integradas polos municipios onde existan grandes aglomeracións urbanas e cando entre os seus núcleos de poboación haxa vinculacións económicas e sociais que fagan precisa a planificación conxunta e a coordinación de determinados servizos e obras. Entre os concellos de Abegondo, A Coruña, Arteixo, Bergondo, Betanzos, Cambre, Carral, Culleredo, Oleiros e Sada existen eses vínculos económicos e sociais para a planificación e coordinación conxuntas. Estes vínculos tamén poderían ser compartidos por outros concellos limítrofes aos indicados, como é o Concello de Ordes, pois atópase integrado na área de transporte metropolitano da Coruña.

Segundo. Os plenos de Bergondo (24.11.2016), Betanzos (29.11.2016), Cambre (30.11.2016), Culleredo (24.11.2016), Oleiros (24.11.2016) e Sada (24.11.2016), aprobaron por maioría absoluta o inicio dos trámites para a Constitución da Área Metropolitana de A Coruña.

LEXISLACIÓN APLICABLE

A Lexislación máis destacada do asunto é a seguinte:

- A Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.
- A Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas.
- A Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- A Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, do Estatuto de Autonomía de Galicia.
- Os artigos 141.3 e 149.1.18 da Constitución Española.

CONSIDERACIÓNS

Primeira. De acordo co establecido no artigo 121 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia por Lei do Parlamento de Galicia poderanse crear, modificar ou suprimir áreas metropolitanas.

Segunda. O artigo 122.1 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia recolle que a iniciativa para a creación da área metropolitana poderá partir dos municipios interesados, e, neste caso, requirirase acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros de cada Corporación.

Considerando que o expediente seguirá a tramitación establecida na Lexislación aplicable, procede someter a aprobación do Pleno de acordo co artigo 64.2.b) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 22.2. b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a adopción do seguinte acordo:

1. Solicitar á Xunta de Galicia o Inicio dos trámites para a creación da área metropolitana da Coruña de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia e de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Réxime Local na que unha das entidades locais que a integren sexa o Concello de Ordes.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 20

2. Dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia para os efectos oportunos”.

Sometida a votación a urxencia da moción presentada, esta resultou apreciada por maioría de dezaseis votos a favor (5 grupo político UxO, 5 grupo político PP, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), sendo dezasete o número legal de membros desta corporación, procedendo seguidamente o seu debate e votación.

Aberto o debate prodúcense as intervencións seguintes.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que antes de solicitar da Xunta de Galicia que inicie os trámites para a creación desta área temos que ser conscientes do que isto lle pode supoñer a o noso concello, custes que se van a ter, servizos e requisitos que se van a esixir. Sempre é interesante coordinar para obter servizos, pero tamén hai que pelexar para que Ordes saia favorecido cando non ten nada que ver cos demais cos que vostede menciona na moción. Ordes é moito máis pequeno que moitos deses concellos, conta cuns orzamentos inferiores. Con tan poucos datos que nos ofrece na moción é difícil valorar esta posibilidade. Incluírnos na área de transporte metropolitano Ordes gañou no transporte gratuíto para menores de dezaioito anos. Compare o transporte de Ordes e Carral, se nos serviu para aumentar liñas tan necesarias e das que carecemos. As diferenzas de liñas e prezos é abismal. Esta moi ben implantar e coordinar servizos, pero non a costa de pagar máis os ordenses e que os demais concellos si disfruten das verdadeiras vantaxes. Nos aquí seguimos mirando para outro lado como se non importase nada. Para votar favorablemente debe haber garantías por riba da mesa de que Ordes vai a saír favorecido. Debe saberse a que nos enfrontamos, a que prezo e se realmente nos compensa a todos os ordenses. Non estaría mal que ante unha moción deste tipo fixese un estudo das vantaxes e desvantaxes dunha área ou outro, tamén temos a de Santiago, debemos ter datos fidedignos e non manipulados para poder valorar cal é a área que máis lle compensa aos nosos veciños e se realmente é interesante acollerse a algunha ou non.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que pregunta se se quere dismantelar a Mancomunidade de Ordes. Se fose incluída na área metropolitana sería unha fuxida cara adiante de covardía, deixando a Ordes relegada e perdendo a condición de cabeceira de comarca. Deste xeito acábase coa Mancomunidade e deste xeito incluso perdendo os xulgados, o Rexistro da Propiedade e outros. Esta moción parécenos unha manobra política que non beneficia aos veciños de Ordes.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que sinala que teñen un modelo territorial moi clariño. As cidades teñen que pivotar entorno a elas as súas áreas metropolitanas, zonas urbanas pegadas, compartindo servizos. Deben existir por outro lado as comarcas, onde hai unha vila que é cabeceira económica, social. Esta segunda opción é a máis apropiada para Ordes. As relacións cos municipios limítrofes é máis directa, Ordes segue a ser unha referencia con estes concellos. Ordes é un concello eminentemente rural que non ten nada que ver con Cambre ou Oleiros. Nos negamos a diluír Ordes na área metropolitana, na que perdería claramente peso e coa que ten pouco que ver. Ordes ten que ter a función de reequilibrador entre esa zona que hai entre a Coruña e Santiago. Nas Directrices de Ordenación do Territorio se di que Ordes debe actuar como centro prestador de dotación de servizos no espazo intermedio na zona Ártabra e a área urbana de Santiago. Desexan éxito á creación da



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 21

área metropolitana de A Coruña. Dende Ordes debemos apostar por estruturas comarcais que van a redundar nun beneficio maior para Ordes e os concellos da Comarca.

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político UxO, que sinala que esta non é a nosa guerra. O 20 de outubro de 2016 concellos de A Coruña asinan a declaración de María Pita para crear esta área metropolitana, concellos do PP se negaron a ir. Agora a Xunta de Galicia pretende tomar esta iniciativa con afán electoralista, que nun principio rexeitou. Resulta curioso que os concellos gobernados polo PP en lugar de sumarse a esa iniciativa preténdese que mediante propostas dirixidas ao pleno tratar de eliminar esa iniciativa e trasladar á mesma directamente á Xunta de Galicia. Esta non é máis que unha guerra partidaria ao quedar descolgados o seu partido da iniciativa política coordinada impulsada nun principio pola maioría dos concellos da futura área metropolitana. Con esa intencionalidade política pretenden utilizar o concello de Ordes cunha proposta máis que discutible tanto na forma como no fondo. Na forma por que unha decisión deste calado se deba tomar aquí sen un estudo previo cunha posta en común de todos os grupos políticos, incluso informando á cidadanía do seu contido e consecuencias. E no fondo por que a maioría do noso concello atopa unha vinculación máis evidente coa área de influencia de Santiago. O que acaba de demostrar é que este goberno non cree no concello de Ordes como cabeceira de comarca capaz de nuclear a prestación de servizos. Non creen en Ordes como catalizador dunha mancomunidade que debe ser reforzada e dotada de maiores competencias en lugar de impulsar esta adhesión a unha área metropolitana coa que non nos une nada. Nada ten que ver con eses concellos. Pretenden converternos nunha especie de barrio da periferia da Coruña, so por que na maioría dos concellos da área da Coruña o PP non pinta nada. Lamentable que utilicen o noso pobo nesta guerra, que é a súa do seu partido, pero que nada interesa aos Ordenses e moito menos aos que estamos aquí sentados.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que resulta increíble por que non leron o informe do secretario que sinala que a creación, modificación ou supresión das áreas metropolitanas é competencia da Comunidade Autónoma mediante Lei do Parlamento de Galicia. Quen son estes concellos para crear esta área metropolitana, ningún. Por iso se lles pediu que non tomasen a iniciativa nalgo non que non tiñan competencia, por iso non foron os do PP, que van a pintar alí. Non veña a contar aquí o que é falso, na forma e no fondo. Analice os datos, lea os informes e despois expoña. Xa sei que me vai a dicir que a estou a corrixir, que quere que lle diga. Recordo como no ano 2014 o BNG se queixaba por que o concello de Ordes non se tiña integrado na área de Santiago para potenciar o turismo. Fálase de que se quere desmantelar a Mancomunidade, entón Trazo e Oroso que tamén están na área de Santiago tamén o queren facer, xa levan máis de quince anos na área de Santiago. Oxalá tivéramos ocasión de integrarnos tamén. Agora hai unha posibilidade de integrarse na área de A Coruña, vamos a ter esta oportunidade agora ou posiblemente nunca máis. Son moitas as vantaxes, custe ningún, asistir como membros natos e despois tomar as decisións. En canto a perda de competencias lean o punto quinto do informe do Secretario que sinala que creación dunha área metropolitana, en ningún caso, pode supoñer a perda de competencias dos municipios integrados que lles fagan perder a súa condición de tales, aínda que poderán exercer competencias municipais previa delegación de cada entidade local mediante acordo do pleno do concello, é o pleno do concello ao que lle corresponde delegar as competencias. Custe ningún, beneficios moitos. Por que ten tantos beneficios Carral ou Bergondo, concellos na periferia, por que están plenamente integrados no funcionamento. A nos interesaríanos entrar na área metropolitana de Santiago e na de A Coruña. Na de Santiago é moi difícil por que leva moitos anos constituída e ten a súa maneira de traballar. A de A Coruña vai agora a constituírse e teremos agora a ocasión. A este pleno polo que acaba de escoitar non lle interesa, ao PP de Ordes interesaríalle que se tivese en



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 22

conta e se analice a viabilidade de que Ordes poida formar parte da mesma. O que se está a pedir e que a Xunta de Galicia no estudo que ten que facer analice se Ordes merece ser parte da área metropolitana de A Coruña. Que faga os trámites, dentro dos que esta o estudo. Non vamos a decidir aquí entrar ou non, si se nos interesa que a Xunta de Galicia analice se Ordes forma parte dela, non nos lamentemos unha vez constituída e perdamos moitos fondos FEDER ou FEOGA para facer investimento dos que so se beneficien os veciños dos concellos que formen parte da área metropolitana de A Coruña. Esta é unha realidade que pode ser en poucos meses. O principal interesado en cree que é A Coruña, despois están os concellos ao seu arredor, despois estamos os que temos unha vinculación especial como é co transporte como pode ser Laracha, Carballo, Cerceda, que nunha reunión na Coruña coa Conselleira dixeron que estaban interesados en conseguir os beneficios da área metropolitana. Dende a alcaldía non somos quen de pedir que se analice esta posibilidade, por iso traemos aquí esta moción. Isto é bo para todos. Si nos quedamos fora ao mellor nunca máis temos esta posibilidade. Teñen a ocasión de dicir se queren que a Xunta de Galicia analice esta posibilidade. Déixense de criterios partidistas, pensen en Ordes, se lles interesa ben, despois non nos lamentemos.

Polo Sr. Alcalde ábrese unha segunda quenda de intervencións.

Intervén a Sra. Martínez Candal, concelleira non adscrita, que sinala que lle parecen insuficientes os datos que aporta, espera que teña a ben informarnos a todos os membros da corporación no caso de dispor de información acreditativa e veraz dos custes e dos servizos, que isto le puidera ocasionar aos veciños de Ordes e logo de estudalo entre todos ver se sería beneficioso ou non e tomalo en consideración. Vostede pretende que nos metamos a cegas cando hai outros concellos que o están a estudar como Laracha ou Cerceda, que si pensan as cousas antes de tirarse á piscina.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que sinala que servizos mancomunados CIM, servizos sociais que aportan múltiples beneficios aos veciños de Ordes. Ordes pertence á área sanitaria de Santiago, se entramos na área metropolitana de A Coruña onde imos a estar. Para unhas cousas na Coruña, para outras en Santiago. Causando molestias aos veciños. Que pasaría coa PAC, quedaría en Ordes. Pensamos que o máis convinte e potenciar a Mancomunidade e facela medrar na boa dirección para que nun futuro se poida converter nunha área metropolitana propia, atraer outros concellos para unirse, non desmantelala.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que sinala que se fala de menos criterios políticos, pero criterios máis técnicos que os que aporta o BNG non hai. Hai unhas directrices de ordenación do territorio onde se fai un reparto dos núcleos de poboación e das entidades supramunicipais en toda Galicia e Ordes aparece como núcleo vertebrador entre Coruña e Santiago, igual que aparece Carballo como zona ligada á Coruña, por cuestións económicas que todos coñecemos. Non se pode mesturar o transporte metropolitano co consorcio de turismo de Santiago, non teñen nada que ver unhas cousas coas outras. Falamos da área metropolitana para compartir servizos. Que é máis fácil compartilo con Frades ou con Bergondo, non ten nada que ver unha cousa coa outra. Chámalle a atención que o que propoñen as Directrices de ordenación do territorio aprobadas por vostedes choque frontalmente co que veñen a propor aquí.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 23

Intervén a Sra. Marín Pereiro, voceira do grupo político PP, que sinala que como dixo fai un momento pensemos en Ordes, na nosa Mancomunidade e remitámonos a eses datos deses concellos que no 2016 asinan esa declaración e teñen a ben tomar unha iniciativa na que os concellos do PP, en principio, non queren estar. Ata que a Xunta de Galicia quere tomar a iniciativa cun afán totalmente electoralista. Cree que os seus compañeiros do PP en Carballo nin sequera levaron esa moción ao pleno. Esta é unha guerra que so lle interesa ao seu partido, o noso concello o que ten que facer é dignificar a Mancomunidade, en lugar de ser un barrio de A Coruña. Non hai nada que nun principio nos una a esa área metropolitana. Esta é unha proposta artificiosa que vai en contra do sentido común. Unha proposta boicoteada dende o minuto un polo PP e que agora a Xunta de Galicia se quere apropiarse en aras de acadar un rendemento electoral.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que hoxe non están interesados en que Ordes forme parte da área metropolitana de A Coruña. Interesaríanos formar parte das áreas metropolitanas de A Coruña e de Santiago. A mancomunidade ten un problema, Oroso por maneira de xestionar e por fondos interésalle estar cada vez máis presente na área metropolitana de Santiago e cando iso se consolide Oroso tratará de integrarse en Santiago. Cerceda se consegue integrarse na área metropolitana de A Coruña, que o fará, que non vai a facer o que nos facemos aquí, irase para a Coruña. E despois a Mancomunidade será Trazo e Tordoia, Mesía e Frades. A ver que somos despois, que cabeceira de comarca ao perder Cerceda e Oroso. Esta ben que non queiran votar hoxe, se queren volvemos a votar dentro dun mes. Estamos a pedir que a Xunta de Galicia, se esta área metropolitana vai adiante, que é quen ten a competencia, que faga ese estudo. Ao mellor nese estudo sae que a Ordes non lle corresponde estar por que non cumpre os requisitos reflexados no informe do Secretario. Non imos a perder competencias se o concello non quere. Tomen a decisión que queiran, xa ve que a teñen tomada, insiste en que nos lamentaremos non ter acceso aos fondos que cheguen a esa área metropolitana, despois teremos un problema para explicarllo aos veciños, llo explicarán vostedes.

Tras unha pequena deliberación, o Pleno Corporativo Municipal, en votación ordinaria, por maioría de once votos a en contra (6 grupo político UxO, 3 grupo político BNG, Sr. Manteiga García, Sr. Caamaño Fraga e Sra. Martínez Candal), cinco votos a favor (grupo político PP), sendo dezasete o número legal dos seus membros, rexeitou a moción presentada polo grupo político PP.

PUNTO CUARTO: ROGOS E PREGUNTAS.

Ao abeiro do disposto no art. 21 do Regulamento Orgánico Municipal, o Sr. Alcalde abre unha quenda de rogos e preguntas, dirixíndose aos Srs. Concelleiros por se desexan intervir neste sentido, sinalando que as preguntas formuladas polos Srs. Concelleiros serán contestadas polo seu destinatario na sesión seguinte, sen prexuízo de que o preguntado queira darlle resposta inmediata.

Primeiramente ábrese unha quenda de formulación de rogos polos distintos grupos políticos.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 24

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula os rogos seguintes:

- Veciños da Grela – Parada, maioritariamente maiores, teñen dificultade para cruzar a estrada AC5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia pola velocidade que levan os vehículos que por alí transitan, non é a primeira vez de algún que outro susto de perigo de atropelo.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que desde o Concello se faga unha petición a Deputación para que se estudie a posibilidade de ubicar un paso de peóns na zona da Grela na AC5903 de Ordes a Portomouro por Pontechonia na zona que se marca na foto que xuntamos e se rebaixe a velocidade dos vehículos ó seu paso por esta zona (pq 3,750).

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que pola velocidade da vía non vai a ser viable. Daremos igualmente traslado. A resposta posiblemente será negativa.

- Esta agrupación recibiu unha queixa dunha veciña da rúa Campomaior que sofre un problema de mobilidade reducida. Cada vez que se ten que desprazar habitualmente atópase con que non ten sitio para aparcarse cerca do seu domicilio debido á problemática do seu estado de saúde.

Solicitamos que se pinte unha praza de aparcamento para persoas de mobilidade reducida na rúa Campomaior para dar unha mellor accesibilidade a toda a veciñanza como os negocios que se atopan en dita rúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a ubicación pretendida é inviable por que interrompería a zona de tránsito dos vehículos do transporte escolar. Ofrecéuselle calquera ubicación dentro das prazas que a día de hoxe están marcada para os vehículos. Esa non lle serve ten que ser especificamente diante da porta, nunha zona que está prohibida. O informe da policía local é desfavorable. Falou con nos multitude de veces. Non pode ser alí, ofréceselle enfronte. Alí nas horas lectivas non pode estacionar. Non pode ser con carácter permanente, pode ser temporal, non lle vale. Por iso non lle podemos dar cumprimento á demanda desta veciña.

- Veciños da Rúa Compostela queixáronse á Agrupación Socialista de Ordes de que lle foron retirados os contenedores do lixo que había en dita Rúa, co inconvinte que supón que teñan que ir tirar o lixo ó Campo da Feira ou á Rúa Mercado, xa que a Rúa Compostela ten unha pendente moi pronunciada.



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 25

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que se repoñan os contenedores do lixo na Rúa Compostela e se coloquen á altura do portal que máis servizo fagan.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que non deberán de volver estar alí. Houbo un mal entendido cos veciños, ninguén quere os contenedores. Onde están non é onde máis servizo fan. Como tampouco os queren alí, pero tampouco diante das súas portas, o que vamos a facer é a vindeira semana colocar avisos nas portas de todas as comunidades e vamos a pedir que veñan por aquí para ver que os quere diante. Se non os queren non sabe cal é a solución. Se ninguén os quere por que hai que imporllos a alguén cando o desprazamento é 20 m a maiores. Ao que nos comprometemos é a convocar a ese tramo de rúa. Chegáronse a mover catro veces nos últimos anos.

- Temos noticias de que con motivo do Irmandamento da cidade de Veracruz con oso concello o próximo 6 de outubro, o concello desta cidade colocará unha placa conmemorativa deste evento no Zócalo de Veracruz, lugar onde a nosa filla predilecta Isabel Zandal, coa expedición Balmis, vacinaron por primeira vez en continente Americano.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:

Que tamén se coloque outra placa conmemorativa na fachada do antigo Concello cara á Alameda lembrando esta data do Irmandamento coa cidade de Veracruz.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se fará unha réplica. Están de acordo.

- O Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade lembra aos cidadáns que os afogamentos pódense previr. En relación a isto, aconsella, como cada ano, extremar as precaucións para previr afogamentos e lesións graves en medios acuáticos.

Dos 430 falecementos por inmersión accidental no ano 2016, 45 persoas morreron nunca piscina, das que 14 eran nenos menores de 10 anos. En augas naturais (praias, ríos, pantanos, etc.) faleceron 189 persoas.

Hai uns días empezaron a abrir ao público as piscinas e xa se produciron varios accidentes nelas con morte por afogamento de varios nenos.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes formúlalle ao Sr. Alcalde o seguinte rogo:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 26

Se extremen as precaucións e todas as medidas preventivas e de seguridade na Piscina Municipal ó aire libre para non ter que lamentar ningún accidente irreversible das persoas usuarias, sobre todo de nenos.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se toma en consideración.

Intervén o Sr. Veiras Carneiro, en representación do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:

- Na rúa do Mirón, existe unha árbore nunca das fincas que está invadindo a rúa e vai camiño de dificultar o paso de vehículos pola zona.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

Se solicite ao propietario da finca a poda da árbore de tal xeito que non invada a rúa.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que xa está solicitado.

- Na aldea de Vilariño, parroquia de Buscás, existe unha sinalización enganosa do Camiño de Santiago, que provoca que moitos dos peregrinos transiten pola estrada nunca zona con pouca visibilidade e onde se teñen producido varios accidentes.

Nesa zona o camiño transcorre polo interior do núcleo de Vilariño, de acordo cos documentos de delimitación do Camiño Inglés polo Concello de Ordes.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A solicitar ó Xacobeo que se sinalice correctamente o trazado do Camiño de Santiago polo núcleo de Vilariño, tal e como recolle nos documentos de delimitación do Camiño Inglés.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que os traballos empezaron fai quince días, vai a verse beneficiado o camiño con vinte e catro novos fitos e outras melloras en toda a rede nun proxecto conxunto con Oroso e Carral. Durante o verán farase esta actuación. A documentación de que dispón Ila remitirá o próximo luns.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, voceiro do grupo político BNG, que formula os rogos seguintes:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 27

- Como se pode observar na fotografía que se acompaña, ao remate da xornada, non se está a levar a cabo unha axeitada limpeza do viario afectado polas operacións de rozas de cunetas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que antes de rematar a xornada laboral, se efectúe a limpeza do viario afectado polas operacións de rozas de cunetas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que a verdade é a cantidade de maleza, daráselle traslado para que fagan o posible de deixar limpas as vías.

- Actualmente estase a levar a cabo o procedemento de contratación dos servizos de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos do Concello de Ordes.

A pesares de estar no século XXI, o persoal nalgúns casos non dispoñen dos medios precisos para poder levar a cabo as tarefas de limpeza de forma axeitada, empreñando métodos rudimentarios e ineficaces para a envergadura das instalacións obxecto de ditas tarefas.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se lle esixa á empresa adxudicataria do contrato dos servizos de conserxería, mantemento e limpeza de edificios culturais e deportivos do Concello de Ordes, a que dote ao persoal dos medios axeitados para levar a cabo as súas tarefas.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que se analizou os pregos iso está incluído. Cree que lle fai referencia a unha problemática a día de hoxe coa vixencia dos contratos prorrogados. Regularizado o contrato intentarase conseguir que os medios estean a disposición do funcionamento dos servizos.

- Habitualmente, as instalacións da piscina climatizada Iván Raña pechan durante todo o mes de Agosto.

Veciñanza do concello de Ordes púxose en contacto co grupo municipal do BNG para amosar o seu descontento con esta situación, xa que danse casos de xente que se está a rehabilitar dunha lesión, preparando oposicións, carreiras, ... etc., que ven interrompida a súa terapia ou adestramento por este motivo.

Neutros concellos, as instalacións adoitan pechar durante 15 días e non todo o mes.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA Nº 28

A que se leven a cabo as medidas oportunas para evitar o peche das instalacións da piscina climatizada Iván Raña durante o mes de agosto, ou cando menos, o peche sexa reducido a quince días.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que esta é unha vella demanda, é inviable. É necesario parar un mes para as tarefas de mantemento, baleirar, volver a encher. Hai que darlle vacacións ao persoal. Este ano vai a tratar de cambiarse a caldeira se nos conceden a subvención do Inega. Nun futuro hai que analizar estas cuestións.

Intervén o Sr. Vidal Ríos, que sinala que se o persoal ten vacacións haberá que contratar a outro persoal, noutras piscinas so se pecha quince días. Pídelle que o pensen.

- Recentemente abríronse as portas da piscina da rúa do Muíño. Hai precisamente un ano, o BNG de Ordes amosou a súa preocupación porque durante os cursiños de natación, os/as monitores/as exercen ao mesmo tempo como socorristas. Entendemos que esta situación só sería posible se a piscina permanecese pechada ao público durante os cursiños, cousa que non acontece.

Naquel pleno, o alcalde informou que consultaran coa Consellería a dúbida, sendo aclarada, estando contestada e informada favorable. Malia que pedimos que se nos remitise copia de dita contestación, a día de hoxe aínda non dispoñemos da mesma.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos remita unha copia da contestación de dita consulta á Consellería.
No caso de non existir, que se proceda á contratación dos/as socorristas precisos para cubrir a citada carencia durante os cursiños de natación.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que na acta consta que lle dixo que se fixo a consulta telefónica. A raíz do rogo o técnico falou coa Consellería e pediu que lla mandasen por escrito, tan pronto estea faráselle entrega. Sempre hai tres socorristas, dous a maiores serán monitores, a piscina está perfectamente cuberta para os metros cadrados de nado ao público. Depende das áreas que se abren, se se reparte en tres tramos, dúas para monitores e outra para nado ao público. Non hai ningún tipo de problema cos socorristas que temos para o vaso que temos.

- Este grupo municipal do BNG de Ordes, ven de rexistrar a comezos de mes unha proposta de modificación da ordenanza que regula o funcionamento da emisora municipal, así como dos prezos públicos existentes para a publicidade da mesma.

A pesares de corresponder este mes a celebración do Consello da Emisora Municipal, aínda non foi remitida a convocatoria para o mesmo.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 29

A que se convoque o Consello da Emisora Municipal, incluíndo na orde do día o debate das nosas propostas para a modificación da Ordenanza que regula o funcionamento da emisora municipal e dos prezos públicos por publicidade na mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que vai a ser o 10 de xullo, ás 14:30 horas.

- Segundo o Manual para a colaboración entre as Entidades Locais e o Catastro, no tocante ao procedemento de regularización, para a aplicación do procedemento ao municipio establécese que o Concello debe remitir ao Catastro unha carta na que manifieste o seu interese en ser incluído na resolución que se aprobe no exercicio.

Dado que en Ordes se está a levar a cabo o Procedemento de regularización catastral, tivo que existir previamente unha solicitude do Concello de Ordes para a aplicación do mesmo neste municipio.

Por todo iso instamos ao alcalde ao seguinte:

A que se nos informe de cando se formulou dita solicitude e que nos sexa facilitada unha copia da mesma.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que o 27 de agosto de 2015 e foi publicado no BOE de 2016

Por último, polo Sr. Alcalde ábrese unha quenda de formulación de preguntas polos distintos grupos políticos.

Intervén o Sr. Manteiga García, voceiro do grupo político mixto-PSdeG-PSOE, que formula a pregunta seguinte:

- A raíz da vaga de lumes que están asolando a península ibérica, algúns con tráxicos desenlaces.

Na súa condición de voceiro municipal do PSdeG-PSOE no concello de Ordes fórmúlalle ao Sr. Alcaldes a seguintes preguntas:

- ¿Conta o concello cun plan de prevención e extinción de incendios?.
- ¿Están as zonas máis importantes do concello desbrozadas para actuar fronte ao lume?.
- ¿En que condicións se encontran os puntos de auga específicos contraincendios?.
- ¿Facilitouse á Xunta de Galicia a súa ubicación?.

Intervén o Sr. Alcalde, que sinala que as ubicacións xa as teñen a través da base local. Plan de incendios local non hai. Non se fixo nunca, nin se fai. Estanse a facer as limpeza, requirindo



CONCELLO DE ORDES

(A CORUÑA)

FOLLA N° 30

aos propietarios, sacouse o bando correspondente. Xa se fixo o desbroce da N550, quedan moitas cousas por facer. É preocupante o estado de abandono no territorio. Os veciños terían que estar concienciados da problemática a carón da súa vivenda.

E non habendo máis asuntos que tratar segundo a orde do día da convocatoria, o Sr. Alcalde levanta a sesión, sendo ás vinte e unha horas e oito minutos do día ao principio sinalado, e para constancia do que se tratou e dos acordos adoptados, estendo a presente acta, que como Secretario certifico.

O ALCALDE

O SECRETARIO